

# RESUMO DA PROGRAMACIÓN DE AULA

MATERIA: **Economía da Empresa, 2º de Bac - Curso 20-21**

PROFESORA: Patricia Lama Bravo

## CONTIDOS A IMPARTIR NA 1ª AVALIACIÓN

### **Tema 1. A empresa e empresario.**

Concepto de empresa. A creación de valor. Elementos, funcións e obxectivos. Funcionamento global (descrición xeral do ciclo de produción). Áreas de actividade. Visións do papel do empresario no pensamento económico: Adam Smith, Knight, Schumpeter, Galbraith.

### **Tema 2. Clases de empresas e formas xurídicas.**

Tipos de empresas e criterios de clasificación: titularidade do capital, tamaño, sector de actividade. Principais formas xurídicas: Empresario individual, Sociedade Anónima, Sociedade de Responsabilidade Limitada, SLNE, Sociedades Laborais, Sociedade Cooperativa.

### **Tema 3. A empresa e o seu contorno**

O contorno xeral: Factores económicos, socioculturais, político-legais e tecnolóxicos. O contorno específico: O sector. Esquema das 5 forzas competitivas de Porter. Análise DAFO. Externalidades. A responsabilidade social e medioambiental da empresa (traballadores, sociedade, consumidores, medio ambiente).

### **Tema 7. A función produtiva da empresa**

O proceso de produción: concepto e obxectivos. Factores de produción, produto e valor engadido. Clasificación dos procesos produtivos. Os custos de produción: concepto e clasificación: Fixos e variables; medios e marxinais; directos e indirectos. O equilibrio da empresa no caso xeral: limiar de rendibilidade ou punto morto (decisión de producir o comprar).

### **Tema 8. Eficiencia, produtividade, progreso tecnolóxico e control da produción.**

Asignación dos recursos produtivos: Eficiencia técnica e eficiencia económica. A produtividade: produtividade dun factor, produtividade global e índices de produtividade. Factores determinantes da produtividade. I+D+i: concepto e importancia. Formas de adquisición da tecnoloxía: desenvolvemento interno, adquisición exterior e alianzas estratéxicas.

### **Tema 9. A xestión de existencias**

Custos e modelos de xestión (método de Wilson, método ABC e just in time). Métodos de valoración de existencias: FIFO e PMP.

## CONTIDOS A IMPARTIR NA 2ª AVALIACIÓN

### **Tema 4. O desenvolvemento das empresas: localización e dimensión**

Factores que determinan a localización espacial. A dimensión empresarial: concepto e criterios de medición. As PEME: vantaxes e inconvenientes. O crecemento da empresa: crecemento interno e externo. A internacionalización, a competencia global e a influencia do desenvolvemento das TIC nas empresas. As empresas multinacionais: características e factores de desenvolvemento.

### **Tema 5. Organización e dirección da empresa.**

Funcións básicas do proceso de dirección: planificación (concepto de planificación estratéxica), organización, xestión (estilos de dirección) e control.

Principios básicos da organización. Organización formal e informal. Estruturas básicas de organización.

### **Tema 6. A xestión dos Recursos Humanos.**

Xestión dos recursos humanos: Selección e formación do persoal. A motivación no traballo. Concepto de conflito e vías de resolución.

### **Tema 10. O investimento na empresa**

Concepto e clases de investimento. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración y selección de proxectos de investimento: métodos estáticos (Prazo de recuperación) e dinámicos (VAN)

### **Tema 11. O financiamento da empresa**

Fontes de financiamento das empresas. Clasificación das fontes de financiamento. Ciclo de explotación e período medio de maduración.

## CONTIDOS A IMPARTIR NA 3ª AVALIACIÓN

### **Tema 12. O patrimonio e as contas da empresa**

O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxe fiel. Balance. Conta de perdas e ganancias. Memoria. Estado de cambios no patrimonio neto. Estado de fluxos de efectivo. Obrigas contables: libros contables obrigatorios verificación e presentación das contas anuais (auditoría de contas e rexistro mercantil).

### **Tema 13. Análise do balance: Análise patrimonial e financeira.**

Estrutura económica e estrutura financeira. Equilibrios patrimoniais. Fondo de manobra.. Principais ratios económico-financeiras: Ratios de liquidez, ratios de solvencia, ratios de endebedamento.

### **Tema 14. Análise da conta de perdas e ganancias: Análise económica.**

Análise da formación dos resultados: Beneficios antes de intereses e impostos, beneficios antes de impostos e beneficios despois de impostos. Ratios de rendibilidade da empresa: rendibilidade económica e rendibilidade financeira.

### **Tema 15. Fiscalidade empresarial**

Tributos. Impostos. Fiscalidade do empresario individual e do empresario social.

### **Tema 16. A función comercial da empresa**

Departamento comercial da empresa. Concepto de mercado. Clases de mercado. Demanda de mercado e cota de mercado. A investigación de mercados. Análise do consumidor e segmentación de mercados. Marketing e ética empresarial. TIC e marketing.

### **Tema 17. O marketing mix**

Marketing-mix. A política de produto: Concepto de produto ofertado. O ciclo de vida do produto. Marca e envase. Política de prezo: Prezos baseados nos custos e prezos baseados na oferta e na demanda. Política de promoción: Venta persoal, promoción de vendas, relacións públicas, merchandising e publicidade. Política de distribución: Canles de distribución e intermediarios comerciais.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN

Faranse **dúas probas** por cada avaliación, que puntuarán de 0 a 10. A estrutura das probas escritas seguirá o modelo normal das ABAU: **5 puntos de teoría** (catro preguntas curtas valoradas nun punto e dúas preguntas cun valor de 0,5 puntos) e **5 puntos de práctica** (dous problemas cun valor de 2,5 puntos cada un). Seguindo os criterios de corrección establecidos pola CIUG, descontarase o **25% da nota** de cada apartado se hai **erros de cálculo** e outro 25% da nota de cada apartado **se non se indican as unidades**.

A parte **práctica** da materia non é eliminatoria e, polo tanto, vaise **acumulando** ao longo do curso.

Entenderase **aprobada a avaliación** se a media aritmética das notas das probas escritas é, **igual ou superior a cinco**. Para que se poda realizar a media aritmética das notas das probas é necesario ter como **mínimo** unha puntuación de **3,5 sobre 10** en cada unha das dúas probas realizadas. A **nota da cada avaliación** é a media aritmética truncada ás unidades.

Realizaranse **probos de recuperación** da 1ª e 2ª avaliación a principio da avaliación seguinte. A 3ª avaliación recuperarase na proba escrita final.

No mes de **maio** se realizará unha **proba final** na que os alumnos poderán recuperar as avaliacións suspensas. Os alumnos que teñan dúas ou máis avaliacións quedarán obrigados a recuperar a materia completa.

Para **aprobar a materia** é preciso ter as **tres avaliacións aprobadas**.

A **nota final** do curso será a media ponderada das notas das avaliacións (contando as recuperacións como 5) co seguinte peso:

- 1ª avaliación: 25%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 40%

Os alumnos que non superen a materia na avaliación de maio deberán presentarse ás probas de **xuño** coa **materia completa**, con independencia de cal sexa a parte suspensa.